

***CRUCEIROS, CRUCES, ESMOLEIROS, E VIACRUCIS DO  
MUNICIPIO DE LÁNCARA (LUGO)***

**AUTORES.**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO      MANUEL MUÑIZ BESTEIRO**

***PUBLICADO EN LUCENSIA, N° 67. BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO.  
LUGO, 2023.***

## **CRUCEIROS, CRUCES, ESMOLEIROS E VIACRUCIS DE LÁNCARA (LUGO)**

### **1. LOCALIZACIÓN E DEMOGRAFÍA DO MUNICIPIO DE LÁNCARA.**

Este municipio lucense, cuxa capital reside na Poboia de San Xillao, delimita ao Norte cos municipios de O Corgo e Baralla; ao Sur, cos de Triacastela, Samos e Sarria; ao Leste, co de Becerreá; e ao W., co do Páramo. Forma parte da meseta central lucense e ademais, está integrado na Comarca de Sarria <sup>1</sup>. Con respecto á demografía, a poboación do municipio foi aumentando no século pasado ata o ano 1940, no que comeza a producirse un descenso progresivo da mesma como consecuencia das migracións e dun crecemento natural negativo. Isto deu lugar a un avellentamento da poboación, algo habitual en moitos municipios galegos. Na actualidade, segundo o I.N.E.<sup>2</sup> do ano 2021, este municipio posuía unha poboación de 2551 habitantes, distribuída en 175 entidades de poboación, agrupadas en 26 parroquias. <sup>3</sup>. Desde unha óptica eclesiástica forma parte da diocese de Lugo.

### **2. CRUCEIROS. CRUCES E VIACRUCIS DO MUNICIPIO DE LÁNCARA (LUGO)**

#### **2.1. INTRODUCCIÓN.**

##### **2.1.1. OS CRUCEIROS.**

Tanto para Castela como para Vicente Risco o cruceiro “é o moimento máis dino da nosa arte popular”, que aparece como consecuencia do proceso evolutivo da cruz ao

---

1 Esta comarca ocupa unha extensión de 836,4 km<sup>2</sup> e posúe – segundo o INE do ano 2020 – unha poboación de 22.421 habitantes espallada polos municipios de O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela.

2 Instituto Nacional de Estadística.

3 Armeá (San Pedro), Bande (San Pedro), Carracedo (San Vicente), Cedrón (Santiago), Galegos (Sta. Mariña), Lagos (Sta. Eulalia), Lama (Santa María), Láncara (San Pedro), Larín (El Salvador), Monseiro (San Miguel), Muro (San Xoán), Neira (Santa María), Oleiros (San Martiño), A Poboia (San Xillao), Río (San Martiño), Ronfe (San Pedro), Souto (Santiago), Toirán (El Salvador), Toldaos (San Vicente), Touville (Santa María), Traslite (San Xoán), Vilaleo (Santa María), Vilarello (San Pedro), Villaesteva (Santa María), Villambrán (Santa María de), Villouzán (San Estevo).

longo dos anos. O cruceiro foi unha creación gótica, ligada ás nocións místicas das Ordes mendicantes – dominicos e franciscanos-, que fomentan o culto á cruz. No obstante, o período da súa máxima difusión levouse a cabo nos séculos XVII-XVIII<sup>4</sup>. Xa moi entrado o século XX e no actual asistimos a unha perda dos códigos culturais polos que se erguían os cruceiros. E así as funcións devocional, impetratoria, penitencial, fúnebre... que posuían os cruceiros vai ser substituída, as máis das veces, por unha función ornamental, que se reflicte na maior vistosidade que van adquirindo aqueles lugares onde se realizan, como casas de campo, chalés, e determinados espazos de carácter público. En canto a estrutura do cruceiro, cómpre sinalar unha serie de elementos, que nunha orde ascendente son: o baseamento; a base ou pedestal; o fuste ou varal; o capitel; e a cruz. Con todo, estes elementos aínda que son propios destas manifestacións artísticas, mostran tamén importantes diferencias. De aí que poidamos falar dunha gran diversidade no ámbito dos cruceiros galegos. En este municipio hai sete cruceiros situados nas parroquias de **Bande, Carracedo, Cedrón, Muro, Neira de Cabaleiros, Río, e Traslite.**

### **2.1.2. AS CRUCES MISIONAIS.**

As misións parroquais tiveron a súa rixe no Concilio de Trento (1545-1563) e comezaron a perder influencia pouco antes do Concilio Vaticano II (1962-1965)<sup>5</sup>. Tiñan como función contrarestar a reforma protestante e consolidar o culto católico. Inicialmente, os jesuitas foron os encargados de propagar esta nova actividade relixiosa. No obstante, logo tamén se encargaron outras ordes relixiosas como os redentoristas, pasionistas, capuchinos... A mensaxe da misión, que case sempre se celebraba nun intenso fin de semana, era resaltar a necesidade do arrepentimento e, tamén, de avisar dos perigos do inferno. Da misión quedaba como recordo unha cruz de madeira ou de mármore. A de madeira soía colocarse no interior da igrexa mentres que a de mármore adoitaba pórse na fachada central da igrexa ou nunha das súas paredes laterais. En ambas as dúas cruces soía figurar a data de celebración da misión, así como a Orde relixiosa, que participara. No municipio de Láncara hai **oito cruces misionais: catro de madeira e**

---

<sup>4</sup>Debido á devoción ás ánimas e a validez das indulxencias para redimir as penas, ideas emanadas do Concilio de Trento (1545-1563)

<sup>5</sup> CRUZ SÁNCHEZ, Pedro Javier.: *Análisis y significado de la cruz en la cultura popular del occidente salmantino. El Abadengo*, Tese de Doutoramento. Universidad de Valladolid. Facultad de Filosofía y Letras. Departamento de Historia Moderna, Contemporánea, de América, Periodismo, Valladolid, 2014, páx. 243.

**catro de mármore.** As de madeira están situadas nas parroquias de **Muro, Láncara (2), e Trasliste<sup>6</sup>**; están colocadas no interior da igrexa, agás a máis antiga de Láncara, que está ubicada nunha parede lateral exterior. As de mármore están emprazadas no exterior das igrexas de **A Poboia de San Xillao, Cedrón, Río, e Vilaesteva.**

### **2.1.3. OS VIACRUCIS.**

No ano 1731, o papa Clemente XII fixa dun xeito definitivo as catorce estacións do Viacrucis, permitindo consagrar “vias sacras” en igrexas, seminarios, conventos, cemiterios, hospitais etc. Con todo, durante o pontificado de Juan Pablo II engadiuse unha nova estación ou paso – o número XV- no que se representa a Resurrección de Cristo <sup>7</sup>. Esta práctica relixiosa foi impulsada e difundida desde antano pola orde franciscana. Con respecto á representación dos Viacrucis podemos distinguir modalidades de índole interno ás institucións sacras, e , tamén, externo. No obstante, o noso estudo vai dirixido ás representacións do Viacrucis no exterior da igrexa mais formando parte do seu conxunto. Neste municipio encontramos sete Viacrucis, situados nas parroquias de **Cedrón, Láncara, Muro, Monseiro, Vilaleo, Vilaesteva e Vilouzán.** Ningún deles está completo, xa que non conservan as catorce cruces, que é a característica esencial destes monumentos. Estes Viacrucis, incompletos, están compostos dunha serie de cruces de pedra situadas por riba do muro, que delimita o adro da igrexa parroquial do exterior. As cruces amosan unha serie de peculiaridades: son de pequeno tamaño; latinas; monolíticas; de sección cuadrangular mais coas arestas biseladas; os remates do brazo transversal e do brazo superior lonxitudinal son en forma de cruz florenzada ou potenziada; carecen de imaxes; teñen como apoio unha base ou pedestal, que soe ter unha forma paralelepípeda cuadrangular coas arestas rebaixadas.

### **2.1.4. OS ESMOLEIROS.**

Estas pequenas construcións maniféstanse de dous xeitos: \* Como construcións cuadrangulares, compostas por pezas paralelepípedas superpostas, que amosan algunhas veces unha cuberta a dúas augas. Na súa parte central adoita haber unha fornela onde


---


<sup>6</sup> En Trasliste houbo unha cruz misional, que estivo colocada preto da antiga escola, ata que foi cambiada por unha de pedra e cemento. Hoxe, está gardada no interior do antigo centro escolar.

<sup>7</sup> CASTAÑO FERNÁNDEZ, Agustín Javier.: *Cruceros y Viacrucis de Piedra. Un patrimonio muy frágil.* Mérida. Dirección General de Bibliotecas, Museos y Patrimonio Cultural, 2019, páx. 70-72..

está colocada unha imaxe sacra, protexida do exterior por un cristal ou unha reixa; baixo a fornela soe haber unha ranura ou pequena abertura, pola que o devoto introduce a esmola. \* Como unha pequena abertura cuadrangular, pola que o devoto introduce a esmola do exterior ao interior do recinto sacro, onde se encontra “o peto”. Pois ben, no municipio lancarés hai dous esmoleiros: un, que responde ao primeiro modelo, está situado preto da **igreja de A Poboia de San Xillao**; pola contra, o segundo, ligado ao segundo modelo está situado na **capela de Gradín (Toirán)**.



## 2.2. MAPAS DE LOCALIZACIÓN.





### 2.3. DEBUXO DUN CRUCEIRO <sup>8</sup>.

<sup>8</sup> Antonio Figueroa Paz, foi o autor dos mapas de localización e, tamén, do debuxo dun cruceiro.



## 2.4. ANÁLISE SOBRE OS CRUCEIROS, CRUCES, ESMOLEIROS E VIACRUCIS.

### *I. PARROQUIA: A POBOA, SAN XIAO DE*

#### 1. CRUZ MISIONAL.

COORDENADAS U.T.M. X: 627.185Y:4.746.845

Está fixada cuns cravos na parte superior media da fachada, e no interior dun circulo de cantería. Trátase dunha cruz latina, de mármore, que amosa unha sección cuadrangular en ambos os dous brazos. Ao longo do brazo transversal lese a seguinte inscrición: “*SANTA MISIÓN*”. No extremo superior do brazo lonxitudinal lese o seguinte epígrafe: “*JHS*”, cunha pequena + no interior da parte superior da letra “*H*”. Na parte media deste mesmo brazo lese a inscrición: “*P.P. JESUITAS*”. Finalmente, na súa parte inferior lese o epígrafe: /“*PUEBLA / DE / SAN JULIÁN / 21- IV- 45*” /.(**FOTO N° 1**)

## **2. ESMOLEIRO DA VIRXE.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 627.746 Y: 4.746.842**

Esta expresión artística está empotrada nun muro, situado fronte á porta de entrada ao adro da igrexa. Consta dunha fornclana que hai unha imaxe dunha advocación mariana, que está protexida do exterior cun dobre cierre: primeiro de madeira e, logo, metálico ornamentado cunha profusa decoración moldurada e, tamén con flores artificiais. Ademais, o conxunto está revestido cun dobre arco apuntado de cantería e con dúas bandas do mesmo material ornamentadas con elementos xeométricos. Por riba do arco apuntado sobresa a figura dunanxo, tamén de cantería, que nunha actitude orante sobresa pola amplitude das súas ás.(**FOTO N° 2**)

## **3. CRUZ DE MADEIRA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 627.172 Y: 4.746.839**

Está situada no adro da igrexa. Trátase dunha pequena cruz latina, de madeira, situada por riba dun tronco de pino, que foi cortado xa que impedía a visibilidade do recinto sacro polas súas dimensións. Foi realizada por Rubén Fenández Caballero no ano 2021 por encargo do antigo párroco D. Alberte. Esta cruz amosa unha sección cuadrangular en ambos os dous brazos.

## **4. CRUCEIRO DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO “RAMÓN PIÑEIRO”.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 627.129 Y: 4.746.872.**

**ORIENTACIÓN: W-LESTE.**



Esta manifestación popular, de dominio público, está situada no interior do C.P.I ( Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro). Este cruceiro realizouno o canteiro **José López López**, da “**Casa de Subquinta**”, lugar de Vizcaia, parroquia de Muro <sup>9</sup>. No seu conxunto, amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito: Unha plataforma granítica, de catro chanzos, que serve de apoio a unha base monolítica, que consta de dúas pezas: a inferior, de forma paralelepípeda cun dobre rebaixe cuadrangular de maior a menor extensión nas catro caras; e a superior, composta dunha pequena peza troncopiramidal, Por riba da base, o cruceiro alónrgase nun fuste monolítico de sección cuadrangular nos extremos e cunhas acanaladuras nas catro caras do varal e nas súas arestas. O fuste actúa de sostén dun capitel clásico, moldurado, que amosa volutas nos vértices superiores das arestas e unha cabeza de anxo en cada unha das súas; nunha orde ascendente, o capitel mostra as seguintes molduras: un filete, un cuarto bocel, un filete,un bocel, e unha media cana. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular no seu conxunto, que amosa tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira; no centro da cruz florenzada un pequeno obxecto ornamental de forma circular. O anverso da cruz mostra baixo unha cartela, na que pode lerse INRI, unha efixi ecristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, situada nunha posición frontal; os cabelos e as costelas moi resaltados; as súas mans aparecen abertas e os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira “V”; o perizoma está anoadoao lado esquerdo; e as pernas lixeiramente flexionadas amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso amosa unha imaxe mariana moi rústica nunha actitude orante e, que amosa un manto sobre a súa cabeza. **(FOTO N° 3)**.

## **II. PARROQUIA: BANDE, SAN PEDRO DE.**

### **1. CRUCEIRO DO COUTO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 630.841 Y: 4.747.871**

**ORIENTACIÓN: W-LESTE.**

---

<sup>9</sup>Este canteiro dirixou as “Escolas taller”, que se levaron a cabo neste municipio no primeiro lustro dos noventa do século pasado.Os seus integrantes cooperaron na realización de diferentes cruceiros construídos no devandito lustro.

Foi promovido polo alcalde socialista *Eladio Capón*. Está situado no lugar de Couto, ao que se accede por unha estrada local, que parte da LU-621. Este cruceiro realizouno o canteiro *José López López*, da “*Casa de Subquinta*”, lugar de Vizcaia, parroquia de Muro<sup>10</sup>. Esta manifestación artística, amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito: Unha plataforma granítica, de tres chanzos, que serve de apoio a un plinto de cantería, que resalta no conxunto da expresión artística, e cuxa finalidade foi adaptar -por parte do canteiro executor- o pozo existente no lugar do Couto ao cruceiro. O plinto está formado por tres pezas: a inferior, que é amáis relevante, amosa unha forma prismática cuadrangular, que serve de sostén a dúas pezas poliédricas nas que sobresaen a súa anchura e lonxitude sobre a altura; a peza inferior mostra unha molduración convexa, a xeito de “cuarto bocel”; e a superior, presenta unha forma paralelepípeda. O plinto serve de soporte a unha base de forma paralelepipedo que presenta un rebaixe cuadrangular nas súas catro caras. Por riba da base, o cruceiro alórgase nun fuste monolítico de sección cuadrangular nos extremos e cunhas acanaladuras nas catro caras do varal e nas súas arestas. O fuste actúa de sostén dun capitel clásico, no que sobresaen molduras de tipo fileteado, convexa (cuarto bocel e bocel), e cóncava-convexa; ademais, o capitel amosa volutas nos vértices superiores das arestas e unha cabeza de anxo en cada unha das súas. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular no seu conxunto, que amosa tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira; no centro da cruz florenzada un pequeno obxecto ornamental de forma circular. O anverso da cruz mostra baixo unha cartela, na que pode lerse INRI, unha efixie cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, situada nunha posición frontal; os cabelos e costelas moi resaltados; as súas mans aparecen abertas e os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira “V”; o perizoma está anoado ao lado esquerdo; e as pernas lixeiramente flexionadas amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. O reverso amosa unha imaxe mariana moi rústica nunha actitude orante e, que amosa un manto sobre a súa cabeza . **(FOTO Nº 4)**.

## **2. CRUCES DO CEMITERIO.**

**COORDENADAS U.T.M.      X: 631.044      Y: 4.748.192.**

---

<sup>10</sup>Este canteiro dirixiu as “Escolas taller”, que se levaron a cabo neste municipio no primeiro lustro dos noventa do século pasado. Os seus integrantes cooperaron na realización de diferentes cruceiros construídos no devandito lustro.

Por riba do muro, que delimita o adro-cemiterio do exterior, hai tres cruces, que posiblemente teñan un sentido funerario, xa que por baixo delas encóntranse diferentes tumbas. Trátase de cruces prismáticas octogonais en ambos os dous brazos, que se apoia nunha dobre base tamén prismática octogonal, unida por unha serie de molduras cóncavas con tenues acanalamentos.

### **III. PARROQUIA: CARRACEDO, SAN VICENTE DE.**

#### **1. CRUCEIRO DE CARRACEDO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 633. 699 Y: 4.746.497.**

**ORIENTACIÓN: NE-SW.**

Esta manifestación popular, de dominio público, está situada na intersección das estradas CP-2703 e a LU-622; e, tamén, preto das antigas escolas de Carracedo. Este cruceiro realizouno o canteiro *José López López*, da “*Casa de Subquinta*”, lugar de Vizcaia, parroquia de Muro<sup>11</sup>. Este cruceiro amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito: Plataforma, base, fuste ou varal, capitel e cruz. Estes elementos son moi semellantes na súa análise aos do “Cruceiro do Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro” de a Poboia de San Xiao. (FOTO Nº 5)

### **IV. PARROQUIA: CEDRÓN, SANTIAGO DE**

#### **1. RESTOS DUN VIACRUCIS.**

**COORDENADAS U.T.M: X: 641.617 Y:4.743.482**

Está composto de 11 cruces, colocadas na parte superior do muro, que separa o adro da igrexa dunha estrada local, que parte a esquerda da LU- 636 (Sarria- Becerreá). As cruces revisten os seguintes trazos: Base paralelepípeda sobre a que se ergue unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; os extremos dos brazos e da cabeceira teñen forma de cruz potenziada. Algunhas arestas da base están deterioradas. (FOTO Nº6).

#### **2. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA**

**COORDENADAS U.T.M: X: 641.598. Y: 4.743.478.**

---

<sup>11</sup>Este canteiro dirixiu as “Escolas taller”, que se levaron a cabo neste municipio no primeiro lustro dos noventa do século pasado. Os seus integrantes cooperaron na realización de diferentes cruceiros construídos no devandito lustro. Así, Manuel Leirado López, natural de Carracedo, construíu a base deste cruceiro e axudou a colocalo.

Está situado no adro da igrexa parroquial de Santiago de Cedrón. Consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde ascendente da seguinte maneira. Unha plataforma granítica de tres chanzos cunhas fendas, que foron arranxadas con cemento. Esta serve de sostén a unha base monolítica, composta de dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior composto por un pequeno corpo de forma troncopiramidal; tamén, hai pequenos arranxos de cemento na súa estrutura. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular no extremo inferior e oitavado no resto. Non hai capitel, polo tanto o fuste é o soporte dunha cruz latina, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas achafranadas no resto; ademais amosa un tipo de cruz potenziada nos extremos dos brazos e da cabeceira. **(FOTO N° 7).**

### **3. CRUZ MISIONAL.**

**COORDENADAS U.T.M. : X: 641.602    Y: 4.743.485**

Está colocada no frontis da igrexa, por riba do arco de entrada ao espacio sacro. Trátase dunha cruz latina de mármore. A intersección entre os brazos lonxitudinal e transversal realízase por medio de catro molduras convexas, que reciben o nome de “cuarto bocel”. Nesa intersección hai unha inscrición na que aparece a Orde relixiosa encargada de impartir a Misión. Así na inscrición nunha aorde descendente aparecen as seguintes palabras: **MISION / DE / P.P. FRANCISCANOS /**. Na parte superior do brazo lonxitudinal, aparece a inscrición: **IHS**. No interior da letra “H”, hai marcada unha cruz, que ocupa a metade da letra e sobresa outro tanto por riba da mesma. **IHS** (ás veces **JHS**) é un monograma do nome de Xesús, é dicir, un cristograma. Aparece nos primeiros séculos da nosa era, a partir do nome grego de Xesús. A representación desde o paleocristiano é moi variada, e a miúdo vai acompañada doutros elementos como o da cruz. Na parte inferior deste mesmo brazo, figura a data na que foi realizada a misión. **“4 DE JUNIO”** . Esta inscrición está inclinada de esquerda a dereita. Finalmente, na parte inferior e dun xeito horizontal, está o ano: **“1941”**. **(FOTO N° 8)**

## **V. PARROQUIA: LÁNCARA, SAN PEDRO DE.**

### **1. RESTOS DUN VIACRUCIS.**

**COORDENADA U.T.M.    X: 634.628    Y: 4.746.621.**

No ano 1780 construíronse 14 cruces de cantería coas súas peanas correspondentes para andar o Viacrucis <sup>12</sup>. O seu custo foi de 252 reais<sup>13</sup>. Na actualidade, hai seis cruces: dúas conservan a base; unha, está cuberta de hedras; outra ten a parte inferior da cruz deteriorada; e dúas amosan condicións bastante idóneas. Estas amosan unha base formada por un dobre bloque: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, monolítico, amosa dous tramos: o inferior, de maior tamaño, mostra unha forma paralelepípeda; e o superior, nunha das cruces, presenta unha forma troncopiramidal, mentres que na outra amosa unha molduración convexa a xeito de bocel. Ambos os dous bloques están separados. A base destas dúas manifestacións artísticas serve de soporte para a cruz propiamente dita, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; ademais, os extremos dos brazos e da cabeceira mostra un tipo de cruz potenziada. É moi probable que outros restos de Viacrucis, que hai no municipio sexan deste século.

## **2. CRUZ DE MADEIRA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 634.634 Y: 4.746.610**

Trátase dunha cruz latina, bastante antiga, que está situada no exterior da igrexa, no muro lateral dereito. É moi probable que sexa unha antiga cruz misional.

## **3. CRUZ DE MADEIRA (2)**

**COORDENADAS U.T.M. X: 634.636 Y: 4.746.619.**

Facemos alusión a unha cruz latina; de madeira; situada no exterior da igrexa, na parede lateral dereita. Na intersección de ambos os dous brazos hai unha placa metálica, que contén unha inscrición na que se menciona o seguinte: **“ELENA ARES CARBALLO / 18 DE JUNIO DE 1922 / A LOS 28 AÑOS DE EDAD / RECUERDO DE TU MADRE, HERMANAS, ESPOSO / Y TIOS MANUEL, Y HERMINIA/** . É unha cruz funeraria, antiga, que está ornamentada na parte superior con flores artificiais.

## **4. CRUZ MISIONAL.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 634.624 Y: 4.746.597**

---

<sup>12</sup> O Viacrucis foi construído por Pedro Caldeiro.

<sup>13</sup>Auto Correspondente do Libro de Fábrica. Folio. 11/09/1759.

Está colocada na parede esquerda da sancristía. Trátase dunha cruz latina, de madeira, que amosa nos extremos dos brazos e da cabeceira un tipo de cruz trevoada. Na parte superior do brazo lonxitudinal, hai a seguinte inscrición: “*JHS*”. Ao longo do brazo transversal manifestase a inscrición: *SANTA MISIÓN*. Finalmente na parte media e inferior do brazo lonxitudinal faise referencia nunha inscrición a orde eclesiástica, encargada de dar a misión, así como a data na que comezou a mesma. Así, aparece unha inscrición co nome da orde: *P.P. JESUITAS.E*, finalmente, na parte inferior está a inscrición, que reflicte a data de celebración: *8-IX-1945*. (FOTO Nº 9)

## **VI. PARROQUIA: LARIN, SAL SALVADOR DE**

### **1. ARA FUNERARIA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.373. Y: 4.743.558**

Trátase dunha ara funeraria, situada no adro da igrexa, que pertence a “*Casa do Cuco*” de Larín. Foi realizada polo pai de José López López. A ara amosa na súa parte superior unha cruz, a ambos os dous lados un martelo – na parte dereita- e un cepillo de raspillar – na parte esquerda. A cruz, e latina; na intersección de ambos os dous brazos hai catro molduras convexas -cuarto bocel- ; e a parte inferior do brazo lonxitudinal está formada por dúas molduras cóncavas- cavetos- polas que se accede a unha pequena superficie cuadrangular. Os extremos dos brazos e da cabeceira mostran un tipo de cruz aguzada.

## **VII. PARROQUIA: MONSEIRO, SAN MIGUEL DE.**

### **1. VIACRUCIS.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 638.514 Y: 4.738.989.**

Na actualidade, deste Viacrucis, consérvanse 10 cruces. Estas están colocadas por riba dun muro, restaurado hai algúns anos, que separa o adro da igrexa dunha estrada local, que nace á dereita da CP-5706. Algunhas das cruces están medio cubertas de hedras. As cruces son moi semellantes, podendo salientar nelas os seguintes trazos: posúen unha base paralelepípeda, que serve de sostén á propia cruz, que mostra unha sección cuadrangular nos seus extremos, sendo oitavada no resto; ademais, os extremos dos brazos e da cabeceira amosan un tipo de cruz potenziada. (FOTO Nº 10)

## **VIII. PARROQUIA: MURO, SAN XOÁN DE.**

### **1. RESTOS DUN VIACRUCIS.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 630.402 Y: 4.745.817.**

Na actualidade hai 13 cruces pequenas colocadas por riba do muro, que separa o adro do exterior. Son restos dun Viacrucis. Agás unha que ten deteriorado un dos brazos transversais, as demais están nun bo estado de conservación. Ademais, hai tres que foron restauradas, e unha que posúe o brazo lonxitudinal máis alongado que as demais. Estas cruces amosan unha serie de peculiaridades: mostran unha sección cuadrangular nos seus extremos e oitavada no resto; así mesmo, os extremos dos brazos e da cabeceira mostran un tipo de cruz potenziada. **(FOTO Nº 11)**

Na parte superior da entrada ao adro hai unha pequena cruz asentada nunha base moldurada, que ten como apoio unha estrutura de cemento, irregular a nivel xeométrico. A ambos os dous lados da cruz hai dous pináculos de adorno.

## **2. CRUCEIRO DE MURO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 630.393. Y: 4.745.802.**

**ORIENTACIÓN: NE-SW.**

Nunha abertura realizada nun campo, situado no lugar da “Eirexe, foi preparado con pequenos bloques de cantería un espazo para a construción deste cruceiro. Está situado no lado dereito da CP-2703, e preto da igrexa parroquial. Esta manifestación artística foi realizada polo canteiro *José López López*, da “*Casa de Subquintá*”, lugar de Vizcaia, parroquia de Muro<sup>14</sup>. Esta expresión artística amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira: Plataforma, base, fuste ou varal, capitel e cruz. Posúe unha plataforma granítica de tres chanzos semellante á dos cruceiros do Couto (Bande) e ao da “*Casa de Subquintá*” (Muro). A base, fuste, capitel e cruz, é moi similar a dos cruceiros do “Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro” de A Poboia de San Xiao; a do de “Carracedo”; e a do da “*Casa de Subquintá*” (Muro). No obstante, este cruceiro posúen a cara NE., unha pequena inscrición, na que se reflicte o ano no que foi construído: “*ANO / 1995*”. Ademais, na base hai un pequeno epígrafe, gravado cun buril, no que se le: *SUQUI*, que fai alusión a “*Casa de Subquintá*” (Muro), de onde procedía o canteiro susodito. **(FOTO Nº 12)**

## **3. CRUZ MISIONAL.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 630.395 Y: 4.745.840**

---

<sup>14</sup>Este canteiro dirixiu as “Escolas taller”, que se levaron a cabo neste municipio no primeiro lustro dos noventa do século pasado. Os seus integrantes cooperaron na realización de diferentes cruceiros construídos no devandito lustro.

No interior da igrexa hai unha cruz misional situada na parede esquerda da igrexa fronte á porta de entrada. Trátase dunha cruz latina, de madeira. Na parte superior do brazo lonxitudinal lese a seguinte inscrición: **“SANTA”**. No brazo transversal: **“MISION PARROQUIAL”**. Na parte media-inferior: **“BENEDICTINOS”**. Na parte inferior: **“31-3-52”**. Na intersección de ambos os dous brazos hai unha forma circular, que amosa no seu interior catro formas lobuladas. Nas dúas do lado dereito, aparecen inscritas as letras **C** (parte superior), e **P** (parte inferior); nas outras dúas do lado esquerdo están inscritas as letras **S** (parte superior), e **B** (parte inferior). **(FOTO Nº 13)**

#### **4. CRUCEIRO DA “CASA DE SUBQUINTÁ”.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 629.553 Y: 4.746.249.**

**ORIENTACIÓN: SUR-NORTE.**

Este cruceiro de propiedade privada, está situado no interior da **“Casa de Subquintá”** (Muro). Foi construído polo canteiro **José López López**, oriundo desta casa. Esta manifestación artística esta composta nunha orde ascendente dos seguintes elementos colocados do seguinte xeito: Plataforma, base, fuste ou varal, e cruz. A plataforma é semellante a dos cruceiros do Couto (Bande); ao de Muro; e ao de Trasliste. A base é similar á dos cruceiro do Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro” de A Poboia de San Xillao; a do de Carracedo; e a o de Muro. O fuste e o capitel posúen moita similitude cos cruceiros do Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro”; co de Carracedo; co do Couto (Bande); e co de Muro. Finalmente, a efixie cristolóxica, situada no anverso da cruz mostra semellanza cos cruceiros do Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro”; co de Carracedo; co do Couto (Bande); e co de Muro. No obstante, a imaxe mariana, situada no reverso da cruz, manifestase como unha advocación do Carme, vestida cunha túnica e mantilla e portando nas súas mans o escapulario, peculiaridade esencial desta advocación mariana. **(FOTO Nº 14)**

### **IX. PARROQUIA: NEIRA DE CABALEIROS, SANTA MARIA MADANELA.**

#### **1. CRUCEIRO DA “CASA DA PONTE”**



**COORDENADAS U.T.M. X: 629.872 Y: 4.741.006**

Esta manifestación artística pertence a “*Casa da Ponte*” ou “*Casa do Potaxo*”. Foi construído na lembranza do dono desa casa, que se chamaba Francisco. Na actualidade, os seus propietarios son os seus fillos, Ana e Xosé. Trátase dun cruceiro sinxelo, carente de ornamentación, que está situado no interior dunha propiedade privada e ao carón dunha pista local, que comunica o lugar onde se encontra esta manifestación artística con outros colindantes. Amosa unha serie de elementos artísticos, colocados nunha orde ascendente da seguinte maneira: Unha plataforma de dous chanzos, graníticos, que adoptan unha forma paralelepípeda cuadrangular; o chanzo superior, mostra as arestas superiores redondeadas. Esta serve de apoio a unha base cúbica, monolítica, que mostra as arestas superiores biseladas. Sobre esta erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas rebaixadas no resto. Este serve de soporte a un capitel, que amosa dúas partes: a inferior, presenta unha molduración cóncava, a xeito de caveto; a superior, pola contra, mostra unha pequena estrutura paralelepípeda. O cumo do cruceiro remata nunha pequena cruz latina, sen efixies, que mostra unha sección oitavada en ambos os dous brazos, que presentan nos seus remates unha forma de cruz florenzada. (FOTO Nº 15)

## **X. PARROQUIA: OLEIROS, SAN MARTIÑO DE.**

### **1. CRUZ DO ADRO DA IGREXA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 631.173 Y: 4.745.022.**

Se accede a través de estradas locais que parten da CP-2703, e da CP-5701. Unicamente se conserva unha cruz por riba do muro, que separa o adro da igrexa do exterior, e moi cerca da entrada ao recinto sacro. Esta cruz amosa as seguintes peculiaridades: é unha cruz latina; o brazo lonxitudinal arrinca directamente do muro, e os extremos do brazo transversal e da cabeceira posúen unha sección cuadrangular e oitavada no resto; ademais, os extremos tanto do brazo transversal como da cabeceira amosan un tipo de cruz florenzada. É moi probable que sexa un resto dun antigo Viacrucis.

## **XI. PARROQUIA: RÍO, SAN MARTIÑO DE.**

### **1. CRUZ MISIONAL.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 637.574 Y: 4.740.597.**

Está situada na parte lateral dereita da fachada, adherida á mesma. Trátase dunha cruz latina, que amosa nos extremos dábolos dous brazos – lonxitudinal e transversal- unha forma de cruz, que mostra por cada brazo os seguintes elementos: dúas pequenas molduras cóncavas a xeito de “cavetos”; dúas pequenas molduras convexas ou “cuarto de bocel”, rematando nun pequeno arco apuntado. Na parte superior do brazo lonxitudinal lese a seguinte inscrición: **JHS**. No obstante, a “**J**”, sitúase por riba do lado esquerdo da “**H**”, e a “**S**”, por riba do lado dereito da “**H**”. Na intersección dábolos dous brazos, formada por catro pequenas molduras convexas ou “cuarto bocel”, lese a seguinte inscrición nunha orde descendente: /“ **DIOS MIO / Y / TODAS MIS COSAS/ SANTA MISIÓN DE / LOS R.R. P.P. FRANCISCANOS/ 12 SBRE / 1920**”/. Así mesmo, a inscrición do ano: “ **1920**” está situada na parte media do brazo lonxitudinal. **(FOTO N° 16)**

## **2. CRUCEIRO DE RÍO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 637.460 Y: 4.740.489.**

Está situado nun antigo cruzamento de camiños, hoxe estradas locais, que parten á dereita da LU-636, e preto da antiga escola unitaria de Río. Nesta, en decembro do ano 2008, colocaron unha placa de madeira na que se le o seguinte: “**ESTA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DO NÚCLEO DE RÍO FOI / REHABILITADA POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “RAMÓN PIÑEIRO III”/ PROMOVIDO POLO CONCELLO DE LÁNCARA E SUBVENCIONADO/ POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E FONDO SOCIAL EUROPEO / SENDO CONSELLEIRO O EXCMO. SR. D. RICARDO JACINTO VARELA / SÁNCHEZ E ALCALDE O SR. D. DARÍO ANTONIO PIÑEIRO LÓPEZ**”/. O lugar onde se encontra o cruceiro ten unha rampla ao seu carón. Polo tanto, foi necesario poner unha cimentación de reforzo, cuberta de pizarra. Por riba da mesma, vai un podio de cachotería, de forma paralelepípeda, que serve de soporte a unha base monolítica de cantería, que amosa dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda, con pequenos arranxos nas úas arestas; e o superior, cunha molduración cóncava, a xeito de “caveto ou nacela” invertida. Nunha das caras da base hai unha inscrición, na que se conservan as seguintes letras: **B D – BCA**. A base prolóngase nun fuste de sección cuadrangular na parte superior, que mostra algún arranxo realizado con cemento, e oitavado no resto. Este serve de apoio a un capitel clásico, moldurado, do que arrinca unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavado; os extremos dos brazos e da cabeceira amosan un tipo de cruz florenzada. **(FOTO N° 17)**

## ***XII. PARROQUIA: RONCE, SAN PEDRO DE.***

Achegámonos a estas cruces por medio dunha estrada local que parte da estrada LU-546.

### **1. CRUZ DA ENTRADA AO CEMITERIO ANTIGO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 629.359 Y: 4.744.205**

Sobre un dintel de cantería, situado por riba da porta de entrada ao cemiterio, erguese unha estrutura de cantería cunha forma semellante a un arco apuntado, que serve de soporte á cruz de cantería. Esta, de forma latina, amosa unha sección cuadrangular nos extremos dos brazos e oitavada no resto; ademais, os extremos dos brazos e da cabeceira amosan un tipo de cruz potenziada.

### **2. CRUZ DO ADRO DA IGREXA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 629.357 Y: 4.744.199.**

No interior do cemiterio consérvase unha cruz de cantería, situada por riba do muro que delimita o adro-cemiterio antigo do exterior. A cruz posúe dous corpos: o inferior, que corresponde a unha base, que mostra elementos moldurados: filetes, moldura cóncava-convexa; e, tamén, un tramo paralelepípedo. E o superior, que é a cruz propiamente dita, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos do brazo transversal e na cabeceira do brazo lonxitudinal, e oitavada no resto; así mesmo, os extremos do brazo transversal e a cabeceira da cruz presenta unha forma de cruz florenzada. É moi probable que sexa un resto dun antigo Viacrucis.

### **3. CRUZ DA ENTRADA AO CEMITERIO MODERNO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 629.317 Y: 4.744.556.**

Trátase dunha cruz de cemento, situada por riba do dintel da entrada ao cemiterio actual. A cruz, latina, amosa unha pequena plataforma de cemento, composta por tres chanzos; sobre esta, erguese unha cruz latina, de sección cuadrangular en ambos os dous brazos, mostrando os extremos do brazo transversal e o extremo superior do brazo lonxitudinal unha forma de cruz apuntada.

## ***XIII. PARROQUIA: TOIRÁN, SAN SALVADOR DE.***

Accédese a ambas as dúas cruces por unha estrada local, que arrinca da CP-2704.

### **1. CRUZ DE ENTRADA AO ADRO-CEMITERIO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 635.300 Y: 4.750.233.**

Está situada por riba da porta de entrada ao adro cemiterio. Trátase dunha cruz metálica, latina, que ten como soporte unha estrutura de cantería ovalada. Está decorada con diversidade de molduras e de elementos xeométricos. Os extremos dos brazos transversais e do extremo superior do lonxitudinal tentan imitar unha forma de cruz trevoada.

### **2. CRUCES DE MÁRMORE.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 635.309 Y: 4.750.218.**

No adro-cemiterio hai tres cruces de mármore, latinas e de mediadas dimensión, que están adheridas aos muros dos nichos. Foron colocadas hai uns 25 anos coa finalidade de ornamentar o cemiterio, aproveitando uns restos de mármore, que quedaron, logo de acondicionar con pequenas cruces de marmóreas tumbas do cemiterio.

### **3. ESMOLEIRO DA VIRXE DO ROSARIO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 634.720 Y: 4.751.66**

Está situado na porta lateral sur da “Capela do Rosario”, situada entre as comunidades de Gradín e Ribeira. A moza unha abertura cuadrangular pola que os devotos introducen esmolos no interior da capela. Por riba do esmoleiro hai o relevo dunha figura humana moi rústica, que mostra os seus brazos abertos. *“En la puerta lateral sur limosnero y relieve de tosca figura humana con los brazos abiertos y una inscripción”*<sup>15</sup>

## **XIV. PARROQUIA: TRASLISTE, SAN XOÁN DE.**

### **1. CRUZ DE ENTRADA Á IGREXA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.699 Y: 4.750.364.**

Trátase dunha cruz moi semellante a outras colocadas do mesmo xeito, é dicir, por riba da porta de entrada ao adro da igrexa.

### **2. CRUCEIRO DE TRASLISTE.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.772 Y: 4.750.476.**

---

15VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: Inventario Artístico de Lugo y su Provincia, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección general de Bellas Artes y Archivos. T. VI. 1983, páxs. 107-108.

Está situado ao carón da antiga escola desta parroquia. Tanto ao cruceiro como á cruz, que hai fronte ao mesmo, accédese por medio dunha estrada local que parte da CP-2704. Na actualidade o último domingo de Agosto, celebración da Santa Lucía, a procesión circunvala o cruceiro. Trátase dun cruceiro simple sen efixies. Foi construído polo canteiro José, da “Casa de Subquinta”, lugar de Vizcaia, parroquia de Muro. Este canteiro dirixou as “Escolas taller”, que se levaron a cabo neste municipio no primeiro lustro dos noventa do século pasado. A mosas as seguintes pezas nunha orde ascendente. Unha plataforma granítica, de tres chanzos, que serve de sostén a unha base monolítica, con dous elementos. O inferior, de forma paralelepípeda, amosa un rebaixe cuadrangular en cada unha das caras; nunha delas – a que está fronte á “Cruz de Traslite”, mostra a seguinte inscrición nunha placa de granito, adherida á mesma: /“**DOAZÓN FEITA POLO / CONCELLO DE LÁNCARA / COA COLABORACIÓN DA / ESCOLA TALLER**”/. Na parte inferior desa cara aparece o nome do concello e a data na que se colocou o mesmo. “**LÁNCARA, 8-5-1993**”. O superior, é un pequeno tramo de forma troncopiramidal . A base prolongábase en un fuste de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Este serve de soporte a un capitel moldurado, clásico, formado por unha moldura convexa ou “bocel”, que une a dous filetes. Finalmente, o cruceiro remata nunha cruz, que mostra unha sección cuadrangular nos seus extremos e outra oitavada no resto; ademais, os extremos do brazo transversal e o extremo superior do lonxitudinal amosan un tipo de cruz potenziada. Con respecto a este cruceiro é mester sinalar que inicialmente íase poner na honra de “**Moncho Valcarcel**”, máis coñecido como “**O crego das Encrobas**”. Este tivo unha participación moi importante nas protestas, que houbo entre os anos setenta e noventa do século pasado con motivo da Cota empresarial<sup>16</sup>. No obstante, a idea inicial, levada a cabo polo tenente de alcalde **Manuel Vázquez Seijas**, non foi aceptada polo alcalde socialista **Eladio Capón** alegando cuestións de índole política. (FOTO Nº 18)

### 3. CRUZ DE TRASLISTE

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.751 Y: 4.750.477.**

---

<sup>16</sup> Nesta parroquia de Traslite foi importante a tarefa levada a cabo polo **Sr. Xulián** con motivo das protestas pola Cota Empresarial. Hai un monolito nesta parroquia adicada a súa figura.

Esta cruz está situada fronte ao antigo centro escolar. Denantes había unha cruz de madeira, que era circunvalada pola procesión, que se realizaba na festividade do San Xoán. Esta cruz foi realizada en lembranza dunha antiga misión celebrada nese lugar. Foi mandada facer por **Antonio Rivas Murias**, mestre e antigo alcalde de Láncara. Consérvase no interior do local da **“Asociación de Veciños de Traslite”**. Esta cruz de carácter latino, posúe no brazo transversal unha inscriciónna que se le: **“SANTA MISIÓN”**. Tamén hai outra na parte inferior do brazo lonxitudinal aludindo á data da misión: **“23-VI-57”**. Ademais, na parte superior do brazo lonxitudinal aparece gravada **“unha coroa de espiñas”**.. (FOTO N° 19)

Logo, a principios da década dos noventa do século pasado construíuse unha nova cruz, de cantería e cemento, que substituíu a de madeira xa bastante deteriorada. Para tal fin aproveitáronse os materiais, que se empregaran para a construción dun cruceiro cercano. que consta dos seguintes elementos nunha orde ascendente. Unha plataforma, formada por catro chanzos de cachotería, que serven de soporte a un plinto cuadrangular, sobre o que se erguen tres pezas: unha base, de forma paralelepípeda sobre a que se prolonga unha peza de forma troncopiramidal, rematando nunha cruz de cantería, latina, que amosa unha sección oitavada.

#### **4. CRUZ DO NICHO**

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.485 Y: 4.749.372**

Entre os anos 1980-1982, **José da “Casa de Subquinta” (Muro)**, construíu tanto esta cruz como a da entrada ao cemiterio moderno. Esta cruz funeraria está composta dos seguintes elementos nunha orde ascendente: Un plinto cuadrangular de cantería. Na cara situada fronte o cemiterio lese a seguinte inscrición: **“ COMO TE VES, EU VINME / COMO ME VEXO, VERASTE / LEMBRATE AGORA DE MIN / E NON TE ARREPENTIRAS / O DÍA QUE TE CHAMEN A TI “/**. Este serve de soporte a unha base do mesmo material, de forma paralelepípeda. Na cara que dá o cemiterio lese a seguinte inscrición: **“LEMBRANZA OS ESQUENCIDOS”**. A manifestación artística remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular e oitavada. (FOTO N° 20)

#### **XV. PARROQUIA: VILAESTEVA, SANTA MARIA DE.**

A estas cruces chégase a través dunha estrada local, que parte á dereita da LU-636.

### **1. CRUZ MISIONAL.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 644.554 Y: 4.743.182.**

É unha cruz latina, de pizarra, adherida á parede central da igrexa, Tanto no brazo lonxitudinal como no transversal hai un lixeiro rebaixe no seu interior. No brazo transversal dereito lese a inscrición: **SANTA**; pola contra, no esquerdo, lese: **MISION**. Na parte superior do brazo lonxitudinal mostrase o epigrafe: **AVE / MARÍA**; na parte media e inferior deste mesmo brazo: **P.P. REDENTORISTAS**; e, finalmente na parte inferior, o ano de celebración: **1953**. (FOTO Nº 21)

### **2. RESTOS DUN VIACRUCIS**

**COORDENADAS U.T.M. X: 644.543 Y: 4.743.181.**

Consérvanse 4 cruces. Tres por riba do muro, que separa o adro-cemiterio da igrexa do exterior. Unha por riba do dintel da entrada ao adro-cemiterio. Destas catro cruces, unha delas amosa cuñas de ferro na base da cruz, así como arranxos na cruz; e outra ten rachada un dos brazos transversais. Trátase de cruces, que teñen unha pequena base, de forma paralelepípeda irregular, que serve de soporte á propia cruz, que posúe unha sección cuadrangular nos extremos do brazo transversal e no extremo superior do lonxitudinal, e unha sección oitavada no resto. Así mesmo, os extremos de ambos os dous brazos amosan unha forma de cruz potenziada.

### **3. CRUZ METÁLICA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 644.541 Y: 4.743.180.**

Está situada por riba do muro, que separa o adro-cemiterio do exterior. É unha cruz metálica, que tiña probablemente a función de ornamentar algún nicho. Trátase dunha cruz, que amosa unha base ornamentada cunha complexa decoración moldurada e xeométrica, que serve de soporte a unha cruz latina que tamén mostra unha diversa decoración a base de elementos xeométricos e moldurados, tanto cóncavos como convexos. Na intersección dos brazos lonxitudinal e transversal, móstrase unha efíxie cristolóxica, tamén metálica, da que irradian raios solares.

## **XVI. PARROQUIA: VILA LEO, SANTA MARÍA DE.**

A esta cruz chégase por medio dunha estrada local, que parte da LU- 621.

### **1. CRUCES DO ADRO DA IGREXA.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 632.272. Y: 4.748.011.**

Consérvanse dúas cruces, que na actualidade teñen unha función ornamental de dous nichos. A unha delas fáltalle a base, e a parte superior do brazo lonxitudinal está deteriorado. A intacta, corresponde a unha cruz, que ten unha base moldurada da que arrinca unha cruz, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos do brazo transversal e no superior do lonxitudinal, e oitavada no resto; ademais, nos extremos dos brazos hai un tipo de cruz florenzada. É moi probable que formasen parte dun antigo Viacrucis. É probable que hai anos formasen parte dun Viacrucis.

### **XVII. PARROQUIA: VILARELLO, SAN PEDRO DE.**

A esta cruz accédese por medio dunha estrada local, que procede da CP-2704.

#### **1. CRUZ DO ADRO.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 639.946 Y: 4.752.111.**

Consérvase unha cruz de cantería, que está situada por riba do nicho da “Casa do Mesón da Baixo”. A cruz amosa unha base de forma paralelepípeda, que serve de sostén a unha cruz de sección cuadrangular nos extremos do brazo transversal e no extremo superior do brazo lonxitudinal, e oitavada no resto; ademais, os extremos mostran un tipo de cruz florenzada.

### **XVIII. PARROQUIA: VILOUZÁN, SAN ESTEVO DE.**

Chégase a este Viacrucis por medio dunha estrada local, que emana da LU-636.

#### **1. RESTOS DUN VIACRUCIS.**

**COORDENADAS U.T.M. X: 639.699 Y: 4.700.128**

Consérvanse 11 cruces. 4 encóntranse por riba do muro, que separa o adro da igrexa do exterior, e 7 polo adro. Entre elas hai moitas semellanzas, de tal xeito que podemos establecer os seguintes trazos: unha base monolítica con dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda; e a superior, máis pequena, e de forma troncopiramidal. Da base arrinca a cruz propiamente dita, que ten unha sección cuadrangular nos extremos dos brazos, e oitavada no resto; ademais, amosa un tipo de cruz potenziada nos seus extremos.(FOTO N° 22)

### **3. O CANTEIRO LANCARÉS “JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ”.**



Este canteiro, pertencente á “*Casa de Subquintá*” (Muro), construíu varios cruceiros e cruces, así como outras obras arquitectónicas de carácter público. Así, no primeiro lustro da última década do século pasado realizou os seguintes cruceiros <sup>17</sup>: O cruceiro do Couto (Bande). O cruceiro de Carracedo (Carracedo). O cruceiro de Muro (Muro, preto da igrexa parroquial). O cruceiro do Centro Público Integrado “Ramón Piñeiro” (A Poboia de San Xiao). O cruceiro da “Casa de Subquintá” (Muro). O cruceiro de Trasliste (Trasliste). Tamén elaborou a “Cruz de entrada ao cemiterio moderno de Trasliste”, e unha “ Cruz de nicho, con inscrición”, que está situada no interior do campamento. Ademais, construíu “ unha fonte de pedra” na “Casa da Saúde”. Algún escudo de pedra e un hórreo de pedra para a “Casa do Concello”. Rehabilitou a “Ponte de Carracedo”, e realizou os bustos de “Ramón Piñeiro” e “ o toreiro Celita”, situados en Carracedo. Así mesmo, levou a cabo as restauración que se fixeron no interior da igrexa de Ronce.

#### **4. CONCLUSIÓNS.**

A xeito de conclusión, cómpre facer mención á creación positiva por parte das institucións locais das “Escolas de taller” no primeiro lustro do século XIX, que posibilitou á construción de cruceiros e outras obras artísticas, sendo o seu coordinador o canteiro de Muro, **José López López**. No obstante, agora queda o labor de conservación, limpeza e restauración destas manifestacións artísticas. E neste caso, temos que manifestar que aínda que os cruceiros se encontran en bo estado de conservación, debido en gran medida a cercanía da súa erección, é mester levar a cabo unha tarefa de limpeza e recuperación de moitos Viacrucis incompletos, que están a piques de caer dos seus lugares de emprazamento. Trátase dun labor urxente senón queremos que unhas obras do século XVIII desaparezan e caigan no esquecemento. Ademais, sería moi interesante dar a coñecer por medio de paneis informativos e algún guía ao que poida ter acceso o concello non só os cruceiros, cruces, esmoleiros, e viacrucis existentes no municipio, senón tamén outras manifestacións de índole etnográfica e artística, como igrexas; hórreos; pombeiros; pazos; muiños etc. Isto non é algo novidoso, xa que dende hai algúns anos existe o museo particular “O Muvicla” (Museo de maquinaria agraria), situado na “Casa Vázquez” de Trasliste, que de ano en

---

<sup>17</sup>Os integrantes das diferentes “Escolas taller” deste Concello, postas en valor no primeiro lustro da última década do século XX tiveron un papel moi importante na erección de moitos dos cruceiros existentes neste municipio.

ano vai acaparando máis atención de visitantes, que acoden de moitos concellos da provincia.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, J.M.; e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: **Cruceiros do Concello de Vilalba**, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.

ARRIBAS ARIAS, Fernando.: Cruceiros, cruces, viacrucis e esmoleiros do Concello de Friol: Ed.patrocínada polo Concello de Friol, 2021.

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Cruceiros. Cristos e Cruces do concello de Guntín de Pallares (Lugo), en **Actas do VIII do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas**. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2017

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Cruceiros e Cruces do concello de Becerreá (Lugo), en **Actas do IX do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas**. Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2018

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Oratorios. Cruces de Misión e Viacrucis do Concello de Palas de Rei, en **Actas do X do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas**". Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. Lugo. 2019.

BLANCO PRADO, José Manuel; MUÑIZ BESTEIRO, Manuel: Cruceiros, Cruces e Viacrucis Concello de o Páramo, en **Actas do XI do Congreso Galego de Cruceiros, Cruces e Petos de Ánimas**". No prelo.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan José.: **Los Cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular. Asociación de Ferrolterra de Amigos dos Cruceiros**. Sada (A Coruña): Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 93, 2003.

CASTAÑO FERNÁNDEZ, Agustín Javier.: **Cruceros y Viacrucis de Piedra. Un patrimonio muy frágil**. Mérida. Dirección General de Bibliotecas, Museos y Patrimonio Cultural, 2019, páx. 70-72..

CRUZ SÁNCHEZ, Pedro Javier.: **Análisis y significado de la cruz en la cultura popular del occidente salmantino. El Abadengo**, Tese de Doutoramento. Universidad de Valladolid. Facultad de Filosofía y Letras. Departamento de Historia Moderna, Contemporánea, de América, Periodismo, Valladolid, 2014, páx. 243.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E.: **Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo**. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2002.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: **Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX)**. Autor dos mapas de localización e do debuxo dun cruceiro.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: **Os Cruceiros**. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.

MUÑIZ BESTEIRO, Manuel.: **Itinerarios polo Concello de Castroverde**, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde, 2011.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: *As cruces de pedra na Galiza*, Madrid:Akal, 1975 (Ed. Facsimile).

VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección general de Bellas Artes y Archivos. T. VI. 1983, páxs. 107-108.

**INFORMANTES:** David Gil Mato, Julio Capón, Gloria Montero López, Manuel Vázquez Seijas, Piedad Fernández Aldegunde, Eladio Castedo, Bernabé Castedo,

## **6. ILUSTRACIONES.**



**FOTO N° 1. CRUZ MISIONAL (A POBOA DE SAN XILAO)**





*FOTO Nº 2. ESMOLEIRO MARIANO (A POBOA DE SAN XILLAO)*



***FOTO Nº 3. CRUCEIRO DO CENTRO ESCOLAR (A POBOA DE SAN XILLAO)***





**FOTO Nº 4. CRUCEIRO DO COUTO (BANDE)**



**FOTO Nº5. CRUCEIRO DE CARRACEDO**





*FOTO Nº 6. RESTOS DO VIACRUCIS DE CEDRÓN.*





*FOTO Nº7. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA DE CEDRÓN.*



*FOTO N°8. CRUZ MISIONAL ( CEDRÓN)*





*FOTO N° 9. CRUZ MISIONAL (SAN PEDRO DE LÁNCARA)*



*FOTO Nº 10. RESTOS DO VIACRUCIS (MONSEIRO)*



**FOTO N° 11. RESTOS DO VIACRUCIS ( MURO)**





**FOTO Nº 12. CRUCEIRO DE MURO**



FOTO N° 13. CRUZ MISIONAL ( MURO)





**FOTO Nº 14. CRUCEIRO DA “CASA DE SUBQUINTÁ” (MURO)**



*FOTO Nº 15. CRUCEIRO DA “CASA DA PONTE) (NEIRA DE CABALEIROS)*





**FOTON° 16. CRUZ MISIONAL (RÍO)**





**FOTO Nº 17 CRUCEIRO (RÍO)**





**FOTO Nº 18. CRUCEIRO DE TRASLISTE**





**FOTO N° 19. CRUZ DE TRASLISTE**





**FOTO Nº20. CRUCEIRO DO CEMITERIO MODERNO (TRASLISTE)**



**FOTO N°21. CRUZ MISIONAL (VILAESTEVA)**





*FOTO Nº 22. RESTOS DO VIACRUCIS (VILOUZÁN)*

